



XUNTA
DE GALICIA

INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBT)

Procedemento de cualificación (TR340D)



Cales son os requisitos para ser IEBT?

Para que un proxecto empresarial sexa cualificado como IEBT ten que cumprir os seguintes **5 requisitos, antes de iniciar a súa actividade**:



- ☆ Ter **viabilidade** técnica, económica, financeira e comercial.
- ☆ A actividade, produto ou servizo deberá ter **carácter innovador, contido científico ou base tecnolóxica**.
- ☆ Constituírse como **empresa privada de nova creación** ou de alta como **persoa autónoma**, con centro de traballo en Galicia.
- ☆ Prever a **creación de emprego estable no primeiro ano de actividade** para as persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego, **coa proporción dunha persoa con titulación universitaria por cada catro postos de traballo**.
- ☆ Ter un **cadro de persoal** no momento de iniciar a actividade cun **mínimo dun 25% de persoas con titulación universitaria**.



Como se solicita a cualificación como IEBT?

Para cualificar unha iniciativa emprendedora como IEBT téñense que dar os seguintes pasos:



1

Elaborar unha **memoria técnica e económica explicativa do proxecto ou plan de empresa** co apoio dunha persoa técnica con especialización en IEBT, incluíndo como mínimo:

- ☆ Os datos de identificación e descrición do proxecto.
- ☆ Os aspectos técnicos de produción e comercialización.
- ☆ O grao de avance científico ou tecnolóxico que acada.
- ☆ A previsión de postos de traballo que creará.
- ☆ Aspectos económicos e financeiros que avalen a viabilidade do proxecto.
- ☆ Os currículos das persoas que o promoven.



2

A persoa técnica de apoio con especialización en IEBT, redactará a continuación o seu **informe sobre a viabilidade técnica, económica e financeira do proxecto**.

Lembra que tes todo o apoio das tres universidades públicas de Galicia a través das súas áreas de emprendemento e Emprego:

UDC 981 167 000 (ext 4381) jfernandezlo@udc.es

USC 881 815 581 diego.suarez@usc.es

UVigo 986 814 098 yolanda@fundacionvigo.es



3

A continuación, presentar a **solicitud de cualificación como IEBT** co procedemento TR340D da sede electrónica da Xunta de Galicia, **dentro do prazo máximo dun ano desde a súa constitución e antes de iniciar a actividade**, achegando con ela:

- ☆ A memoria técnica e económica elaborada.
- ☆ O informe emitido pola persoa técnica especializada en IEBT.
- ☆ A declaración coa data prevista para a constitución da empresa e de inicio de actividade.
- ☆ O documento de identidade da persoa promotora.
- ☆ O poder de representación, de ser o caso.

Acceso á sede



Pulsa para acceder



4

Unha vez completa a solicitude, a Consellería competente na área de Emprego **encargará un informe técnico á persoa técnica de apoio e á Axencia Galega de Innovación**.



5

E, finalmente, o **Comité de IEBT emitirá informe** sobre o carácter innovador, a orientación científica, a base tecnolóxica, as perspectivas de negocio e a potencialidade de crecemento e de creación de emprego do proxecto, **ditando resolución e procedendo á súa inscrición no Rexistro de IEBT**.



A partir dese momento, a empresa cualificada como IEBT **pode concorrer ás axudas que anualmente convoca a Consellería** competente en materia de Emprego.